

Cálculo da RENDA per cápita da unidade familiar e MEMBROS computables:

A renda a ter en conta é a do **exercicio fiscal 2020**. En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2020, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos acreditados de violencia de xénero.

CÁLCULO DA RENDA:

Para saber se se cumpre o requisito da renda:

Cando se presentase a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas: sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460) das declaracións de cada un dos membros computables da unidade familiar.

Cando non se presentase: teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A renda per cápita é o resultado de dividir esa cantidade total entre o número de membros computables (tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 %).

MEMBROS COMPUTABLES para os efectos desta orde:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade (salvo os emancipados) e as persoas tuteladas ou en acollemento familiar legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados cando haxa custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

f) A persoa que, por novo matrimonio, unión de feito ou análoga, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos descritos anteriormente.

Non terán a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.

Documentación necesaria

É IMPRESCINDIBLE **que todos os solicitantes acrediten documentalmente os membros da unidade familiar a 31/12/2020** como se indica a continuación.

As persoas interesadas deberán achegar a canda a solicitude (Anexo I) a seguinte documentación:

a) Anexo II (para a comprobación de datos de todos os membros computables da unidade familiar). **Asinarán todos** os membros excepto a persoa proxenitora que se indicase como "solicitante". No caso dos fillos menores (incluído o/a alumno/a) asinará por eles o pai ou a nai.

b) EN TODO CASO, copia do LIBRO DE FAMILIA onde figuren todos os membros computables.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar **ademais** a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algúns dos seguintes medios:

1º. Certificado ou volante de convivencia.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado nalgúns dos apartados do a) ao f) do parágrafo "*Membros computables para os efectos desta orde*" indicado antes, achegarase un **certificado ou volante de convivencia** no cal deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un **certificado dos servizos sociais** do concello que acredite a situación familiar.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica en 31 de decembro de 2020 (agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos acreditados de violencia de xénero).

c) Grao de discapacidade, cando non autorice a consulta automática ou cando fose recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) Violencia de xénero. Acreditarase nas formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Incapacitación xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, se é o caso. Acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da **situación de acollemento ou do certificado do centro de menores**, cando o alumnado estea en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

Ademais, para todas as solicitudes, **no caso de non autorizar a comprobación telemática**, deberá achegar:

- Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar.
- Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar do exercicio 2020.

Comprobación de datos

Consultarase automáticamente: os datos do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, do/da representante e solicitarase o consentimento expreso para consultar a declaración do imposto sobre a renda ou, na súa falta, o certificado tributario de imputacións do exercicio 2020 dos membros computables. Ademáis, **cando se faga constar na solicitude, consultarase** o certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia e/ ou a percepción de pensión de incapacidade permanente ou de pensión de clases pasivas equivalente a unha discapacidade igual ao 33 %. As persoas que se opoñan a estas consultas telemáticas deberán indicalo expresamente no recadro correspondente do formulario e achegar os documentos acreditativos.